

PREPARACIÓN PARA A E.S.O.

1.- OBXECTIVOS:

- Facilita-lo tránsito da E.P. á E.S.O. coa menor solución de continuidade posible.
- Informar detalladamente ó alumnado e ás súas familias das características da nova etapa educativa.
- Coñece-las características máis relevantes do I.E.S. onde serán adscritos os nenos/as.

2.- DESENVOLVEMENTO:

Farase en catro fases:

1ª fase: Información xeral sobre a E.S.O.

Información ó alumnado sobre as características da ESO. Debe se-lo máis detallada posible e comprensible para eles.

2ª fase: O I.E.S. de referencia.

A información sobre el incluirá alomenos:

- Oferta educativa do I.E.S.
- Servicios complementarios.
- Actividades extraescolares.
- Criterios de promoción. Diferencias coa E.P.

3ª fase: Contacto co profesorado do I.E.S.

Charla dalgún profesor do primeiro ciclo da E.S.O. que achegue ó alumnado á realidade do I.E.S. e ó que o profesorado espera dos novos alumnos.

4ª fase: Visita ó I.E.S.

Consistirá en percorre-las instalacións, familiarizalos co espacio, ensinarlles o uso das dependencias...

3.- TEMPORALIZACIÓN:

Fase	Lugar	Quen	A quen	Cando
Información xeral	CEIP	Titor/a E.P.	Alumnos/as Pais (*)	Abril Xuño
O I.E.S.	CEIP	Titor/a E.P.	Alumnos/as Pais (*)	Maio Xuño
O profesorado do I.E.S	CEIP	Titor/a E.P. Profesorado I.E.S.	Alumnos/as	Maio
Visita ó I.E.S.	I.E.S.	Titor/a E.P. Profesorado I.E.S.	Alumnos/as	Xuño